

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Bases e convocatoria de procedemento de selección para a contratación laboral temporal dun peón-condutor

Por Decreto de Alcaldía, de data 31.01.2019, convocouse proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun peón-condutor segundo as bases que de seguido se publican.

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN PEÓN-CONDUTOR

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a CONTRATACIÓN en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, de acordo co artigo 15.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, DUN PEÓN CONDUTOR para o Concello de Mesía. A xornada de traballo é de 40 horas á semana e o salario é de 1.302,58 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO TRABALLADOR

O aspirante seleccionado no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, ata a finalización do servizo, tendo o contrato unha duración máxima de nove meses.

As funcións propias do posto son, entre outras, a realización de tarefas de roce e limpeza de marxes, labores de desbroce e mantemento nas vías municipais, espazos públicos e zonas verdes no Concello de Mesía.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A convocatoria e as bases do presente proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na páxina web do concello (www.concellodemesia.gal) e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emplacements deles, levaranse a cabo unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación.
2. Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar nacionais doutros Estados nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
3. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente ni estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
4. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
5. Posuír o certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios ou equivalente.
6. Posuír o carné de conducir B1 ou superior.

QUINTA.- SOLICITUDES.

As/os interesadas/os deberán presentar a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- Copia cotexada do DNI e do carné de conducir.
- Copia cotexada do Celga 2 ou equivalente, de ser o caso.

De non acreditar o coñecemento do idioma galego, será obrigatorio realizar un exercicio práctico ante o Tribunal que consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de trinta minutos. O exercicio cualifícase de apto ou non apto. Non superarán este exercicio aqueles aspirantes que non obteñan a cualificación de apto, e, en consecuencia, quedarán excluídos do proceso selectivo

- Documentación acreditativa dos méritos que constan na base oitava.

A estes efectos, a acreditación dos servizos prestados realizarase mediante certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando a duración total e os períodos de duración dos servizos prestados e/ou, no seu caso, mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo. É requisito imprescindible, en todo caso, acompañar esta documentación do informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

A presentación da solicitude coa documentación farase no Rexistro Xeral do Concello (Xanceda, s/n, 15685, Mesía) en horario de 8:00h a 15:00h, de luns a venres, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de sete días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, e dada a urxencia da contratación, os aspirantes que presentasen a documentación noutros lugares que non fose o Rexistro Xeral do Concello deberán remitir un fax, ao número 981687069, dando aviso da presentación de instancia, presentando xustificación da solicitude e copia escaneada do contido da solicitude ao correo electrónico correo@concellodemesia.gal ou ben por fax ao número 981687069. Se non cumpren con este requisitos non serán admitidas as solicitudes presentadas ao concello mais tarde do prazo previsto.

SEXTA.- LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, nun prazo non superior a 3 días hábiles, unha relación de aspirantes para o posto, especificando o cumprimento dos requisitos.

Os aspirantes terán, se é o caso, un prazo non inferior a 3 días hábiles para a subsanación de deficiencias e/ou reclamacións dende a publicación da dita relación.

Nun prazo non superior a 3 días hábiles dende a terminación do prazo anterior publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos nas probas selectivas, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. No caso de que non exista necesidade de subsanación nin de reclamación, a primeira lista será definitiva.

Nesta mesma resolución nomearase e emprazarase ao Tribunal e aos aspirantes admitidos para a realización da proba sinalada na base sexta.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

A composición do tribunal cualificador darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección efectuarase polo sistema de concurso – oposición:

1. Fase de concurso. Puntuación máxima: 6 puntos. Nela valorarase:

Experiencia como peón-condutor na administración pública: 0,60 puntos por mes traballado a xornada completa.

Experiencia como peón-condutor na empresa privada: 0,30 puntos por mes traballado a xornada completa.

En caso de xornada inferior farase o correspondente prorrateo.

2. Fase de oposición. Puntuación máxima: 20 puntos. Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto de traballo de conformidade co temario do Anexo II. Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución. Valorarase de 0 a 20 puntos debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Durante a realización da proba práctica o Tribunal poderá formular as preguntas que considere oportunas para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

3. O resultado final do concurso-oposición obterase sumando a puntuación da fase de oposición e a fase de concurso.

4. No caso de empate de puntuación entre aspirantes, primará a fase de oposición sobre a de concurso. En caso de que permanecera o empate, procederíase a sorteo público.

NOVENA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. LISTA DE RESERVA

O tribunal propondrá á alcaldía o nomeamento do aspirante que obtivera a maior puntuación no conxunto dos dous exercicios obxecto do proceso selectivo.

Na acta da selección, incluírase como lista de reserva a relación, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección, dos aspirantes non propostos que tiveran superado a fase de oposición, para os casos de que o aspirante proposto rexeite a oferta de emprego ou cese no posto por outra circunstancia.

DÉCIMA.- RECURSOS

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o Alcalde - Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., parroquia de, concello de, C.P....., teléfono correo electrónico.....

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de PEÓN CONDUTOR para a realización de TAREFAS DE MANTEMENTO NO CONCELLO DE MESÍA mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía.

A tal efecto declara responsablemente:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos para participar esixidos na convocatoria.
- 2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 4º.- Que posee as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- 5º.- Que non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 6º.- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin está inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Documentación que achega:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- Fotocopia compulsada das titulacións esixidas.
- Fotocopia compulsada do certificado acreditativo do coñecemento do idioma galego, Celga 2.
- Fotocopia compulsada dos contratos de traballo ou documentación acreditativa do tempo traballado e o posto de traballo desempeñado.
- Informe de vida laboral.

En, a....., de, de 2019

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA*

ANEXO II . TEMARIO

1. Maquinaria

- 1.1. Preparación e manexo do tractor.
 - 1.1.1. Tractores agrícolas.
 - i. Tipos, características, clasificación e aplicacións.
 - ii. Compoñentes principais. Constitución, funcionamento, métodos de manipulación e control do motor e os seus circuítos e sistemas.
 - 1.1.2. Os pneumáticos do tractor: tipos, constitución, dirección e instalación eléctrica.
 - 1.1.3. Sistemas de acoplamento de máquinas e apeiro ao tractor: compoñentes, características e métodos de aplicación.
 - 1.1.4. O lastrado do tractor: sistemas, métodos e efectos. Características e formas de aplicación.
 - 1.1.5. Os anchos da vía: sistemas, características e métodos de variación. Efectos do ancho da vía na aplicación xeral do tractor.
 - 1.1.6. O mantemento básico do tractor: normas, métodos e procedementos.
 - 1.1.7. Materiais, utensilios e ferramentas: características, efectos e métodos de aplicación en operacións básicas de mantemento e posta a punto do tractor.
 - 1.1.8. A cabina e paneis de control.
- 1.2. Maquinaria de desbrozado.
 - 1.2.1. Conceptos, clasificación e aplicacións.
 - 1.2.2. Constitución e funcionamento.
 - 1.2.3. Métodos de manipulación, regulación e control.
 - 1.2.4. O mantemento diario.
- 1.3. Mantemento do tractor e equipo de maquinaria.
 - 1.3.1. Limpeza, conservación e mantemento do tractor, apeiros e máquinas.
 - 1.3.2. Útiles e ferramentas de aplicación en operacións de mantemento e conservación: características e métodos de aplicación.

2. Xardinería

- 2.1. Tarefas desenvolvidas polo peón.
- 2.2. Podas.
- 2.3. Abonados.
- 2.4. Rego.
- 2.5. Mantemento de céspedes.
- 2.6. Maquinaria de xardinería. Utilización e mantemento.

3. Fichas de mantemento e control.

4. Conceptos xerais de seguridade laboral. Sistemas e equipos de protección individual. Métodos xerais de protección de accidentes. Primeiros auxilios ao accidentado.

5. O Concello de Mesía. Coñecementos xerais e rueiro. Xeografía do concello. Os edificios e servizos públicos do Concello de Mesía.

Mesía, 31 de xaneiro de 2019.

O alcalde.

Mariano Iglesias Castro.